

---

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,  
O 29 DE SETEMBRO DE 2011,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Decreto polo que se suspende parcialmente a vixencia do Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Ourense e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento.

**CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Decreto polo que se crea o Consello Autonómico de Emprego, os Consellos Provinciais de Emprego e os Comités Territoriais de Emprego.

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e o Centro para el Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial (CDTI), para fomentar a investigación, o desenvolvemento e a cooperación público-privada en áreas tecnolóxicas estratéxicas para o desenvolvemento económico da Comunidade Autónoma de Galicia, por importe de nove millóns de euros (9.000.000 euros).

**CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO**

- Acordo de aprobación definitiva do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do Parque Arqueolóxico do Megalitismo, na Costa da Morte (A Coruña), de conformidade co disposto na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, e no Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.

## **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Acordo polo que se declara expresamente a prevalencia da utilidade pública do proxecto "Obras do enlace en Curro das Autovías a Sanxenxo e Vilagarcía de Arousa, da autoestrada AP-9 e a estrada PO-531 sobre a que cualifican os montes veciñais en man común pertencentes ás comunidades de San Lorenzo de Nogueira e Santo Tomé de Nogueira" no concello de Meis, Pontevedra. Superficie de afección de 71.084 e 3.455 metros cadrados.

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA**

- Informe de proposta de publicación da situación patrimonial do goberno.
- Informe do balance da viaxe institucional a Panamá e México na procura de profundizar na internacionalización da economía galega.

### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: reparación de fachada do edificio bloque 10, unidade veciñal 2, do polígono de Caranza en Ferrol. A Coruña. Expediente: C-2011/REP EM 01, por unha contía de douscentos trece mil cincocentos noventa e sete mil euros con trinta e cinco céntimos (213.597,35 euros), IVE incluído.

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe do proceso de depuración do sistema de información de tarxeta sanitaria en Galicia coa base de datos da Mutualidade de Funcionarios Cívís do Estado (MUFACE).

## **O CONSELLO DA XUNTA APROBA A ORDENACIÓN URBANÍSTICA PROVISIONAL DE OURENSE**

- ***O obxectivo da Xunta é superar o actual escenario de incerteza na regulamentación urbanística da cidade, desde o máis estrito respecto á legalidade vixente, o desenvolvemento sustentable do territorio e a cohesión social da poboación***
- ***Permitiranse actuacións de carácter dotacional, industrial, comercial e residencial, desbloqueando o urbanismo***
- ***A Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo prevé a publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia (DOG) nos vindeiros días, coa conseguinte entrada en vigor***
- ***Engadiuse o ámbito das Burgas, tal e como solicitou o Concello de Ourense***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de decreto polo que se suspende parcialmente a vixencia do Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Ourense nun total de 31 ámbitos e se aproba a ordenación urbanística provisional para as ditas zonas ata a entrada en vigor do novo planeamento que está a redactar o Concello. A Comisión Superior de Urbanismo de Galicia informou favorablemente a pasada semana deste proxecto de decreto.

A Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo prevé a publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) nos vindeiros días, coa conseguinte entrada en vigor desta normativa provisional que desbloquea o urbanismo.

Todos os ámbitos obxecto desta ordenación transitoria permitirán desenvolver os seguintes aproveitamentos, equipamentos e dotacións:

- 3.900 vivendas (2.600 nos ámbitos propostos polo concello e 1.300 nos propostos pola Xunta de Galicia).
- 175.000 m<sup>2</sup> comerciais.
- 30.000 m<sup>2</sup> hoteleiros.
- 64.4000 m<sup>2</sup> industriais.
- 29.100 m<sup>2</sup> terciarios.

O obxectivo da Xunta é superar o actual escenario de incerteza na regulamentación urbanística de Ourense, desde o máis estrito respecto á legalidade vixente, o desenvolvemento sustentable do territorio e a cohesión social da poboación.

A elaboración e tramitación desta normativa provisional é un dos froitos acadados no marco das reunións de traballo establecidas entre a Xunta de Galicia e o Concello de Ourense para ordenar e regularizar 31 ámbitos nos que concorre un especial interese xeral polo seu carácter dotacional público ou pola súa inclusión nun plan estratéxico

municipal, así como porque contan coa aprobación definitiva dos instrumentos de planeamento, xestión e urbanización.

O ámbito das Burgas engadiuse tal e como solicitou o municipio. En total, nos ámbitos permitiranse desenvolver actuacións de carácter dotacional, industrial, comercial e residencial co obxectivo de evitar a paralización do municipio en tanto o Concello de Ourense non cumpra a súa obriga de ter redactado un novo planeamento.

Os diferentes ámbitos afectan a sistemas xerais e actuacións públicas actualmente en marcha, como: o xulgado, o centro de saúde, as infraestruturas viarias, o plan estratéxico termal ou o matadoiro municipal. Ademais, considéranse usos lucrativos comerciais, industriais e de vivendas.

## **ÁMBITOS NOS QUE SE SUSPENDE A VIXENCIA DO PXOU DE OURENSE DE 1986 E SE APLICA A ORDENACIÓN PROVISIONAL**

1. AR 43-O Remedios
2. Modificación puntual nº 21
3. Modificación puntual nº 25 AR 38-O
4. Modificación puntual nº 11
5. Proxecto de expropiación Ponte Lebrona
6. AR 36-N A Chavasqueira I
7. APR 02-N A Chavasqueira II
8. Plan de Sectorización Industrial Santa Cruz de Arrbaldo
9. MP PP SURBZ-20 Fonsillón - A Farixa
10. AR 26-O O Polvorín 5
11. SURBZ 13 O Polvorín
12. AR 39-E Finca Mariñamansa
13. Modificación puntual nº 23 AR 27-E
14. Modificación puntual nº 22 APR 04-E
15. AR 22-O Polvorín 1.
16. AR 11-E Camiño Fonte do Montes.
17. AR 14-E San Francisco II
18. AR 20-E Barrocanes
19. AR 36-E Finca Murias
20. AR 46-E A Sobreira
21. AR 13-N Covadonga
22. AR 16-N Alejandro Pedrosa
23. AR38-N Chavasqueira II
24. AR 40b-N Rúa das Travesas.

25. AR 43-N Eira Vella
26. AR 14b-O Praza Sagrado Corazón
27. AR 16-O Rúa da Sila
28. AR 40-O Rúa do Entroido
29. SURBZ O8C Covadonga
30. BIC do conxunto de fontes termais das Burgas e o seu contorno
31. Catálogo de edificios que se van protexer

## **APROBADO O DECRETO QUE CREA O CONSELLO AUTONÓMICO, OS CONSELLOS PROVINCIAIS E OS COMITÉS TERRITORIAIS DE EMPREGO**

- *Trátase dunha iniciativa acordada no seo do diálogo social entre patronal, sindicatos (CCOO e UXT-Galicia) e a Administración autonómica*
- *Este texto derroga os anteriores decretos polos que se creaban o comité autonómico de emprego; os comités provinciais e os pactos territoriais*
- *Esta nova organización suporá unha maior eficacia e eficiencia dos órganos consultivos, ao tempo que garante a participación dos axentes socioeconómicos*
- *A nova proposta supón un importante aforro respecto ao modelo anterior, ao pasar o custo dos 600.000 euros anuais aos 4.800 ao ano deste modelo*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto que crea o Consello autonómico de emprego, xunto cos consellos provinciais e os comités territoriais de emprego. Estes configuraranse como órganos colexiados, de carácter consultivo, que se encargarán de funcións de asesoramento en materia de emprego. Estarán adscritos á Consellería de Traballo e Benestar.

Trátase dunha iniciativa acordada no seo do diálogo social entre patronal, os sindicatos CCOO e UXT-Galicia e a Administración autonómica. Coa entrada en vigor desta normativa quedan derrogados o comité autonómico de emprego; os comités provinciais de emprego e os pactos territoriais.

Esta nova organización suporá unha maior eficacia e eficiencia dos órganos consultivos en materia laboral, ao tempo que garante a participación dos axentes socioeconómicos, que terán representación en todos os órganos que se crean.

Outro dos puntos salientables deste novo modelo é que este non suporá un incremento do gasto público e que, ademais, permitirá un importante aforro respecto á organización anterior. De feito, pásase dos 600.000 euros anuais do modelo previo aos 4.800 euros de custo máximo desta nova proposta.

O Consello autonómico de emprego estará composto por representantes da Consellería de Traballo e Benestar; das organizacións empresariais e das sindicais. Entre as súas funcións, cabe destacar que colaborará no deseño dos criterios de actuación do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG); e informará sobre a planificación das políticas activas de emprego.

Tamén se encargará de emitir informes sobre a memoria anual do SPEG; e coñecerá con carácter previo os anteproxectos de lei ou proxectos de normas regulamentarias. Todo isto ademais das funcións que resulten propias da súa condición de órgano consultivo. Reunirase semestralmente ou cando o convoque a persoa titular da presidencia (a persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar), tanto por iniciativa propia como por solicitude da metade dos seus membros.

Pola súa banda, os consellos provinciais de emprego estarán tamén constituídos por persoal das xefaturas territoriais de Traballo e Benestar, e por representantes das organizacións empresariais e sindicais. Estes órganos ocuparanse de facer o seguimento da aplicación, a nivel provincial, dos acordos do Consello autonómico de emprego; de formular propostas e recomendacións sobre a situación e desenvolvemento do emprego na provincia; de analizar a información e os informes sobre o emprego nese ámbito territorial; así como de emitir informes sobre a programación das distintas medidas das políticas activas de emprego cando estas sexan competencia das xefaturas territoriais. As reunións dos consellos provinciais serán trimestrais, tras convocatoria da presidencia.

### **Comités territoriais**

Por último, o decreto establece a creación de 16 comités territoriais de emprego que abarcarían as seguintes zonas: Lugo-norte; Lugo-centro; Lugo-sur; Ferrol-As Pontes; A Coruña- Bergantiños; Cee-Boiro; Santiago-Ordes; Betanzos-Melide; Pontevedra interior; Pontevedra-centro; Vigo; Pontevedra sur; Ourense noreste; Ourense sureste; Ourense noroeste; e Ourense suroeste.

As funcións destes comités territoriais estarán centradas en formular iniciativas aos consellos provinciais correspondentes sobre a situación do emprego no seu ámbito territorial, ao tempo que se encargarán tamén de analizar a información sobre o mercado laboral do territorio, así como da aplicación das políticas activas de emprego na zona.

Estes comités estarán compostos por representantes da Administración autonómica; das organizacións empresariais; das sindicais; así como tamén dos concellos. A presidencia será rotatoria –cunha vixencia anual- entre as organizacións empresariais, as sindicais e os concellos. As súas reunións serán trimestrais.

Cabe lembrar que, ademais, no caso do Consello autonómico e dos provinciais, a Administración xeral do Estado poderá nomear un representante do Servizo Público de Emprego Estatal, un da Inspección de Traballo e Seguridade Social e un do Instituto social da Mariña con voz pero sen voto.

Este decreto entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG). A partir da súa entrada en vigor, establécese un prazo de tres meses para a constitución do Consello autonómico de emprego e dos consellos provinciais. Pola súa banda, os comités territoriais de emprego terán un prazo de constitución de seis meses.

## **A XUNTA IMPULSARÁ GRANDES PROXECTOS DE I+D+I VINCULADOS Á INICIATIVA PRIVADA QUE MOBILIZARÁN INVESTIMENTOS DE MÁIS DE 60 MILLÓNS DE EUROS**

- ***A Consellería de Economía e Industria multiplicou por cinco o aproveitamento do Fondo Tecnolóxico para Galicia xestionado polo CDTI desde o comezo desta lexislatura***
- ***O programa, denominado FEDER-Innterconecta, fomenta a investigación, o desenvolvemento e a cooperación público-privada en áreas tecnolóxicas estratéxicas para Galicia***
- ***Os proxectos financiados terán que implicar a tres ou máis empresas galegas coa colaboración dun centro público de investigación***
- ***O orzamento mínimo de cada proxecto será de 1,5 millóns de euros para a creación ou mellora de produtos, procesos e servizos en sectores estratéxicos para a economía galega***

O Consello da Xunta vén de autorizar á Consellería de Economía e Industria a posta en marcha dun programa de colaboración co Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial (CDTI) que permitirá a mobilización de preto de 60 millóns de euros en proxectos de I+D+I que involucrarán a iniciativa privada e centros de coñecemento.

A iniciativa da Xunta desenvólvese ao abeiro do Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento (I2C) 2011-2015, co obxectivo de buscar fórmulas que permitan financiar de grandes proxectos de I+D+i capaces de valorizar o coñecemento xerado e facelo rendible no eido empresarial.

O programa, denominado FEDER-Innterconecta, posibilitará así o investimento de 30 millóns cofinanciados pola Xunta de Galicia e o Fondo Tecnolóxico da Unión Europea asignado a Galicia ata o 2013 e xestionado polo CDTI. Con este plan, a Consellería de Economía e Industria conseguirá multiplicar por cinco o aproveitamento deste fondo desde o remate da pasada lexislatura.

O programa FEDER-INNTERCONNECTA persegue a mellora do nivel tecnolóxico das empresas mediante o fomento da investigación, o desenvolvemento e a cooperación público-privada en áreas tecnolóxicas estratéxicas para o desenvolvemento económico.

Esta convocatoria permitirá subvencionar proxectos de I+D+I en áreas produtivas estratéxicas que serán executados por consorcios de empresas situadas en Galicia coa colaboración de centros públicos de investigación. Estes proxectos terán un orzamento mínimo de 1,5 millóns de euros e estarán orientados á creación ou mellora de produtos, procesos e servizos, cunha clara orientación ao mercado e baseados na demanda (proxectos de desenvolvemento industrial).



O consorcio solicitante ten que estar formado por entre tres e dez empresas e os gastos financiados consideran a amortización de activos fixos, horas de persoal propio, materiais, subcontratacións e gastos xerais. A subvención pode alcanzar o 40% para grandes empresas, o 50% para medianas e o 60% para pequenas. O proxecto durará un máximo de tres anos e esixirase a participación relevante (mediante a súa subcontratación) de organismos públicos de investigación tales coma as universidades.

## **O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO SECTORIAL DE INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL DO PARQUE DO MEGALITISMO DA COSTA DA MORTE**

- ***A aprobación urbanística do proxecto sectorial faise segundo o previsto na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, coa declaración de utilidade pública para efectos de expropiación.***
- ***O proxecto sectorial do Parque Arqueolóxico do Megalitismo da Costa da Morte, no que se investirán preto de 4 millóns de euros en varios anos, engloba 15 enclaves megalíticos pertencentes a oito concellos da zona, identificados na actualidade entre os de maior monumentalidade desta área xeográfica.***

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do Parque Arqueolóxico do Megalitismo, situado na Costa da Morte e que abrangue 15 enclaves megalíticos situados en 8 concellos. A aprobación urbanística do proxecto sectorial faise segundo o previsto na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, coa declaración de utilidade pública para efectos de expropiación. A declaración resulta obrigatoria dado o carácter de supramunicipalidade do proxecto, aprobado deste xeito polo Consello da Xunta o pasado 11 de febreiro de 2010.

O proxecto sectorial aprobado facilitará o desenvolvemento do Parque Arqueolóxico do Megalitismo na área da Costa da Morte, que ten como obxectivo garantir a conservación e posta en valor desa manifestación cultural nas comarcas afectadas polo proxecto, en particular, e con incidencia no resto da comunidade autónoma en xeral. Máis concretamente, permitirá a creación de infraestruturas e actuacións de índole arqueolóxica e arquitectónica sobre cámaras megalíticas de varios termos municipais co fin de promover a difusión dos seus valores culturais, a protección e conservación destas manifestacións, contribuír ao desenvolvemento local e á ordenación do territorio e fomentar o desenvolvemento sustentable nas zonas nas que se intervén.

O proxecto sectorial do Parque Arqueolóxico do Megalitismo da Costa da Morte, no que a Xunta investirá preto de catro millóns de euros en varias anualidades, engloba 15 enclaves megalíticos pertencentes a 8 concellos da Costa da Morte, identificados na actualidade entre os de maior monumentalidade desta área xeográfica. A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural actuará nun total de 14 destes enclaves megalíticos: Pedra Moura de Aldemunde, no concello de Carballo; A Fornella dos Mouros, no de Laxe; Pedra de Arca, en Malpica; Mina da Parxubeira, no concello de Mazaricos; Pedra Moura de Monte Carnio, Pedra Cuberta, Casota de Berdoias, Arquiña de Vilaseco, Pedra da Lebre ou de Serramo, Mina de Recesindes, Rabós (mámoas), no concello de Vimianzo; Casa dos Mouros ou Pedra da Arca, pertencente a Dumbría e Vimianzo, e a Pedra Vixía, Arca da Piosa, no concello de Zas. Dentro do Parque Arqueolóxico inclúese así mesmo o Dolmen de Dombate, en Cabana de Bergantiños, que conta co seu propio Plan Director e que xa está sendo executado pola Deputación Provincial da Coruña.

O desenvolvemento deste parque deberá garantir a conservación e posta en valor desa manifestación cultural, posibilitando así a súa visita pública. Os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, como o aprobado hoxe, teñen por obxecto regular a implantación de determinadas actuacións de indubidable incidencia territorial en materia de infraestruturas, dotacións e instalacións, tanto de iniciativa pública como privada, que se asentán sobre varios termos municipais ou daquelas nas que a súa incidencia transcenda o estrito ámbito local pola súa magnitude, importancia ou especiais características.

### **Antecedentes**

O Consello da Xunta acordou en febreiro de 2010 a declaración de incidencia supramunicipal do proxecto sectorial do Parque Arqueolóxico do Megalitismo da Costa da Morte, designando a Consellería de Cultura e Turismo como órgano competente para a tramitación do expediente correspondente.

Este proxecto foi sometido a información pública en marzo de 2010 mediante resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural. Unha vez tramitado o proxecto co estudo de impacto ambiental foi formulada a correspondente Declaración de Impacto Ambiental, que se publicou no *Diario Oficial de Galicia* o 21 de xuño de 2011. Finalmente, o pasado mes de agosto a Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe emite un informe previo á aprobación urbanística polo Consello da Xunta, que tivo lugar hoxe.

### **Rede Galega de Patrimonio Arqueolóxico**

O Parque Arqueolóxico do Megalitismo da Costa da Morte será un dos catro grandes centros da Rede Galega de Patrimonio Arqueolóxico. A Consellería de Cultura e Turismo promove a RGPA como actuación prioritaria da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural a través dun plan que engloba diversas accións que se están a levar a cabo no ámbito da difusión, conservación e investigación do patrimonio arqueolóxico da nosa comunidade autónoma. A Rede Galega de Patrimonio Arqueolóxico contará con catro Parques Arqueolóxicos e Centros de Interpretación desde o punto de vista histórico e territorial, que buscan o equilibrio entre o rural e o urbano. Xunto ao Parque Arqueolóxico do Megalitismo, destacan o da Arte Rupestre de Campo Lameiro (Pontevedra), recentemente aberto ao público, o da Cultura Castrexa de San Cibrao de Las en San Amaro/Punxín (Ourense) e o do Mundo Romano da cidade de Lugo.

## **APROBADA A PREVALENCIA DA UTILIDADE PÚBLICA DO PROXECTO DE ENLACE DE DIVERSAS VÍAS SOBRE MONTES VECIÑAIS DE MEIS**

- ***O Servizo de Montes de Medio Rural en Pontevedra comunicoulle o expediente ás comunidades de San Lorenzo e Santo Tomé de Nogueira, no concello pontevedrés de Meis***
- ***Só a Mancomunidade de San Lorenzo de Nogueira presentou alegacións, que foron desestimadas por referirse a cuestións de trámite***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo que se declara a prevalencia da utilidade pública do proxecto de obras do enlace en Curro das Autovías a Sanxenxo e Vilagarcía de de Arousa, da autoestrada AP-9 e a estrada PO-531 sobre a que cualifica aos montes veciñais en man común pertencentes ás comunidades de San Lorenzo e Santo Tomé de Nogueira", no concello pontevedrés de Meis, por unha superficie de afección de 71.084 e 3.455 metros cadrados, respectivamente.

Tras a autorización do proxecto por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, o Servizo de Montes de Medio Rural de Pontevedra comunicou o expediente ás comunidades afectadas e abriuse un período de quince días para posibles alegacións. A única que as presentou foi a Comunidade de San Lorenzo de Nogueira e foron desestimadas por referirse a cuestións de trámite.

A Dirección Xeral de Montes da Consellería do Medio Rural propuxo que se informase favorablemente esta prevalencia, de acordo co previsto no Decreto 260/92, do 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de montes veciñais en man común e despois de que se comprobase que as zonas afectadas non presentan valores forestais de especial interese.

---

## **O DIARIO OFICIAL DE GALICIA PUBLICARÁ O PATRIMONIO DOS MEMBROS DO GOBERNO AUTONÓMICO**

- ***A medida pretende afondar na transparencia que marca o rumbo do Executivo galego desde o primeiro día da lexislatura***

O Consello da Xunta abordou hoxe a próxima publicación no Diario Oficial de Galicia da situación patrimonial dos membros do Goberno galego. Trátase dunha medida coa que o Executivo autonómico pretende incidir na liña de transparencia que vén marcando o seu labor desde o primeiro día da lexislatura.

A decisión adoptada polo Goberno galego establece que o patrimonio dos distintos conselleiros que compoñen o Executivo autonómico farase público unha vez nas vindeiras semanas e, de novo, cando sexan cesados con motivo do remate da lexislatura.

Deste xeito dáse un paso máis na política de transparencia pola que todos os membros dos Goberno galego deben declarar o seu patrimonio no momento en que toman posesión do seu cargo, así como informar de calquera alteración que se produza na súa situación patrimonial durante a lexislatura.

---

## **A XUNTA PRIORIZARÁ NO QUE QUEDA DE LEXISLATURA A INTERNACIONALIZACIÓN DA ECONOMÍA GALEGA PARA INCREMENTAR AS EXPORTACIÓNS E ABRIR NOVOS MERCADOS AOS PRODUTOS DE GALICIA**

O Consello da Xunta coñeceu hoxe o informe que detalla o balance da viaxe institucional que a pasada semana realizou o presidente Alberto Núñez Feijóo, acompañado do conselleiro de Economía e Industria, Javier Guerra Fernandez, a Panamá e México e que deixa constancia da vontade do Executivo galego de fixar unha nova axenda económica para os seguintes dous anos de legislatura na que se dea prioridade á internacionalización da economía galega.

O obxectivo será conseguir un mellor posicionamento das empresas galegas no exterior e abrir os produtos de Galicia a novos mercados. O Goberno galego pretende incrementar o nivel de exportacións nun 22% ata o 2013, o que significaría poñer en circulación ata 3.500 millóns de euros máis.

Viaxes como a que vén de realizar o mandatario galego son a vía para sementar posibilidades de futuro, abrir novas canles de negocio e estreitar os lazos de colaboración con terceiros países cuxo produto interior bruto estea especialmente determinado por sectores afíns aos da economía de Galicia: agricultura, pesca, infraestrutura naval ou enerxías renovables.

No seu desprazamento por Panamá e México, o titular da Xunta tivo a oportunidade de abordar cos mandatarios de ambos os dous países e varios ministros dos respectivos gobernos o posicionamento actual de sectores considerados clave para a economía de Galicia e o grao de colaboración das empresas galegas con este países de economía emerxente.

Os sectores que máis vías de mercado ofrecen ás empresas de Galicia, segundo constatou o titular da Xunta na viaxe, son o sector das enerxías renovables, como por exemplo a eólica; o naval, o pesqueiro e as obras públicas. No caso de Panamá, o sector da loxística e das grandes infraestruturas é clave, e está moi vinculado á ampliación do Canal, cuxa finalización está prevista no 2014.

O presidente da Xunta destinou a viaxe a abrir novas vías de negocio para a economía galega pero, tamén, a atraer investimentos para a nosa comunidade, baixo a premisa de que Galicia é un país fiable, previsible onde hai un valor seguro que é a fiabilidade das súas empresas.

## **A XUNTA INVISTE MÁIS DE 210.000 EUROS NA REPARACIÓN DE EMERXENCIA DUN EDIFICIO DE VIVENDAS NO POLÍGONO DE CARANZA, EN FERROL**

- ***Está previsto que as obras, actualmente en execución, rematen a mediados de outubro***
- ***As inspeccións realizadas constataron a necesidade de reparar a corrosión existente nas armaduras da planta baixa así como o desprazamento dalgúns paneis prefabricados de formigón que conforman a fachada do edificio***
- ***As vivendas foron construídas na década dos setenta polo antigo Instituto Nacional da Vivenda, e posteriormente foron transferidas ao IGVS***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe as obras de reparación que se están a levar a cabo, por procedemento de emerxencia, dun edificio de vivendas no polígono de Caranza. A Xunta de Galicia, a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), investiu máis de 210.000 euros na reparación do bloque 10, conformado por 85 vivendas, da Unidade Veciñal 2 do barrio de Caranza.

As obras de reparación iniciáronse a finais de xullo polo procedemento de emerxencia debido ao risco existente para a seguridade do edificio e das persoas, e estarán rematadas a mediados de outubro.

O Instituto Galego da Vivenda e Solo recibiu no pasado mes de marzo unha reclamación presentada pola comunidade de propietarios deste sobre deficiencias no edificio e, dado que se trata de antigas vivendas de promoción pública, o IGVS ordenou de inmediato a inspección dos danos por parte dos técnicos deste organismo, encargando posteriormente o estudo das patoloxías detectadas ao catedrático de Estruturas da Universidade da Coruña, Juan Pérez Valcarce.

Das inspeccións e informes realizados desprendíase a necesidade urxente de reparar a corrosión existente en determinadas armaduras da planta baixa e o desprazamento dalgúns paneis prefabricados de formigón que conforman a fachada do edificio.

As obras de reparación contratáronse, por procedemento de urxencia, no mes de xuño, por importe de 198.188,20 euros, máis 15.409,14 euros de redacción de proxecto e dirección de obra, polo que o investimento total ascende á cantidade de 213.597,34 euros.

O edificio foi construído na década dos setenta polo Instituto Nacional de la Vivienda e transferidas á Xunta de Galicia na década dos oitenta. No resto de edificios a que pertence este grupo xa se realizaron con anterioridade labores semellantes aos que agora se levan a cabo.

---

## **SANIDADE ACTUALIZA AS BASES DE DATOS DO SISTEMA DE INFORMACIÓN DE TARXETA SANITARIA CON MUFACE PARA EVITAR A DOBRE COBERTURA DE ASEGURAMENTO SANITARIO**

- *Todas aquelas persoas que foron excluídas das bases de datos seguirán contando coa asistencia sanitaria a cargo de Muface e poderán realizar o cambio de entidade sanitaria do 1 ao 31 de xaneiro de cada ano*

A Consellería de Sanidade, a través da súa Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública, vén de realizar un proceso de actualización das bases de datos de tarxeta sanitaria con Muface co obxectivo de detectar e minimizar a dobre cobertura de aseguramento sanitario.

Todos os españois teñen dereito ás prestacións sociais consideradas na Lei xeral da Seguridade Social, na que se recollen dous tipos de réximes, o réxime xeral e os réximes especiais, onde está incluída a Mutualidade de Funcionarios Civís do Estado (Muface). De forma xeral, ter dereito a un dos réximes é incompatible co acceso a outro para evitar duplicidades.

Por este motivo a Consellería de Sanidade realizou este proceso de actualización con Muface, dada a capacidade de elección de entidade sanitaria que teñen os mutualistas deste colectivo e a que, en ocasións, os cambios que se realizan non se seguen da oportuna baixa na outra entidade.

Una vez realizado este proceso, todas aquelas persoas que foron excluídas da base de datos seguen contando coa asistencia sanitaria a cargo de Muface, e poderán realizar tamén o cambio de entidade sanitaria, se así o desexan, do 1 ao 31 de xaneiro de cada ano.

### **Proceso de actualización**

Para levar a cabo a actualización do Sistema de Información de Tarxeta Sanitaria (SITS) realizouse nun primeiro momento un estudio da base de datos de Muface para poder facer os cruzamentos necesarios entre esta entidade, o SITS e a Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Seguidamente, enviúselles unha carta informativa a todas aquelas persoas afectadas, co obxectivo de que puidesen comprobar a súa situación e ter a oportunidade de facer as correccións oportunas con Muface antes de proceder á baixa na tarxeta sanitaria. Ademais, resolvéronse todas as dúbidas e informouse de todo o proceso a través de chamadas telefónicas.